







Linaria cannabina (Linnaeus, 1758)

 liñaceiro
 pardillo común
 txoka arrunta
 passerell
 common linnet
 pintarroxo-comum



FILO	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Chordata	Aves	Passeriformes	Fringillidae	<i>Linaria</i>



ESTADO DE CONSERVACIÓN



MEDIDAS CORPORAIS

Peso	20 g
Lonxitude	13 cm
Envergadura	21-25 cm

ALIMENTACIÓN

Sementes pequenas do chan, e raramente insectos para alimentar aos polos.

COMPORTEMENTO

Trátase dunha ave gregaria. Xeralmente constrúe o seu niño preto do chan, con herba e musgo, enriba de arbustos ou árbores pequenas. Esta tarefa é comunmente levada a cabo pola femia.

REPRODUCCIÓN

O celo comeza en abril. Unha posta ao ano, de 4-6 ovos de cor branca azulada e moteado vermello-púrpura que a femia incubará durante 10-14 días. Os polos son capaces de voar aos 15 días.

HÁBITAT

Zonas abertas, tanto de costa, meseta ou montaña (chairas, matogueiras, etc.)

DISTRIBUCIÓN

Grande parte de Europa, salvo no norte de Escandinavia e na rexión máis setentrional de Rusia. Chega ata China, e cara o sur aparece en Israel, noroeste de África e nas illas Canarias.

CURIOSIDADES

Os liñaceiros recorren en inverno a estepa e outras zonas desarboradas na busca das últimas sementes agarradas ás plantas. Ocasionalmente é parasitada polo cuco, aínda que o polo non adoita prosperar porque o liñaceiro o alimenta exclusivamente con sementes.

No noso territorio, a forma máis habitual é *L. cannabina* "mediterranea".